



CONVOCATORIA **CONCURSO** ABERTO Á ETSAC ANUNCIANDO UNHA ACTIVIDADE CONMEMORATIVA DO **DÍA DA MULLER** (8 DE MARZO)

Para conmemorar este día que celebraremos na ETSAC o 10 de marzo en horario de coincidencia, estamos preparando diversas actividades, entre elas algunhas charlas que están por confirmar.

Polo tanto, o obxectivo do cartel é anunciar esta xornada que se celebrará o **martes 10 de marzo en horario de 11:00 am a 14:00 pm.**, no **Salón de Actos da Escola** (planta 0).

DESENVOLVEMENTO CARTEL:

PARTICIPANTES

Poderá participar todo o estudiantado da ETSAC de forma individual ou en equipos de traballo (máximo 3 persoas).

FORMATO DE PRESENTACIÓN

O cartel deseñase en **formato DIN A2**. Imprimirase en cor e presentase pegado sobre soporte ríxido e lixeiro.

Así mesmo, entregarase gravado en formato dixital “.pdf”.

O cartel levará pegado na súa parte posterior un sobre pechado cun **LEMA** identificativo, e no seu interior un DIN A5 co LEMA e o nome d@s autor@s ademais dun DVD co ficheiro “.pdf”.

Deberá aparecer como texto principal:

“Sesión conmemorativa Día das Mulleres 2020”.

Textos secundarios complementarios:

Data: **martes 10 marzo**

Lugar: **Salón de Actos ETSAC**

Horario: **11:00 am - 14:00 am**

Ademais, deberá aparecer o **título das charlas e relatoras**, aínda por determinar. Para poder visualizalo, proponse elixir libremente o dito texto.

O uso de tipografías e elementos gráficos será libre. O cartel incorporará o logotipo da ETSAC e o de ETSAC_igualdade (achéganse as dúas versións a elixir segundo deseño cartel)

DATA DE ENTREGA:

O cartel entregarase o **24 de febreiro de 2020 de 12 a 14 pm en Dirección ETSAC**

PREMIOS

Entregaranse tres **Premios, 1º, 2º e 3º (Certificado Acreditativo** do Premio, emitido polo xurado formado por profesoras da ETSAC).

Premios doados pola Dirección da ETSAC para @s tres primeiros clasificad@s.